



**Xosé Álvarez Lombardero, membro da Executiva do SLG e vocal de Ternera Gallega**

*Xosé Álvarez Lombardero vive, aos seus 43 anos, no lugar de Candelos, que está situado na parroquia fonsagrada de Roxos. Alí traballa nunha explotación familiar de vacún de carne afiliada dende hai 25 ao SLG e composta por sesenta reses de Rubia Galega que pacen en corenta hectáreas de pastos. Xosé comparte o seu oficio con responsabilidades na Executiva do Sindicato Labrego e na Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega, onde defende os intereses dun sector que, dende a crise das vacas tolas, non ergueu cabeza a pesar da súa recoñecida calidade.*

# “Ternera Gallega ten pendente acadar unha completa trazabilidade da carne”

■ **¿Pensa que resultou positiva para a organización do SLG a posta en marcha da Comisión Executiva?**

Pola dinámica de traballo que está a ter penso que é moi importante e positiva, pois son moitos os problemas que estamos tendo os labregos e o agro en xeral.

■ **¿Que cuestións relacionadas co vacún de carne tratou a Executiva nos últimos tempos?**

Desde que estou eu na Executiva, un dos temas que se abordou e que máis problemática está a xerar son as denegacións por parte de Política Agroalimentaria das Indemnizacións Compensatorias de Montaña (ICM). Hoxe é este o tema que temos sobre a mesa e que se está a debater con máis interese.

■ **Vostede é vocal da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega. ¿Que opina deste organismo? ¿Como está a funcionar?**

Está a ter unha dinámica de traballo importante. Cada mes estase a facer unha reunión, e os encontros son constantes.

De cara á produción tradicional, non se lle ve unha grande evolución. Cómpre lembrar que dende hai dez anos ten unha certa actividade, e temos que recoñecer que conseguiu cousas importantes, como a obriga de que os becerros estean cebados en Galiza. Pero unha parte importante da produción tradicional segue a estar fóra da IXP, o cal é unha materia pendente.

■ **¿Que pensa que se debería facer para mellorar a xestión e efectividade de Ternera Gallega?**

O Consello Regulador estase atopando cun problema grave. Na época en que existe unha grande demanda, que é no verán, parte dos becerros non pasan pola marca porque os carniceros pagan mellor, pois os necesitan. Pola contra, en inverno, onde hai máis oferta de becerros, os matadoiros es-



Lombardero aposta, coma o SLG, por unha gandería extensiva en base á terra e pastos naturais

tán atascados, as comercializadoras non dan sacado a carne e, por riba, hai menos consumo.

Creo que Ternera Gallega deberá, no futuro, tomar algún tipo de iniciativa para acadar dalgún xeito, como coa creación de contratos homologados, a posibilidade dun compromiso, tanto por

parte da produción como do sector industria.

■ **É dicir, tentar manter un nivel de produción equilibrado todo o ano.**

Exactamente. Cómpre tentar uns prezos que non teñan estas oscilacións. Pensemos que, de vender un becerro no verán a vendelo en inverno, pode haber entre 180 e

240 euros de diferenza. Deberíase comezar a traballar na adopción de medidas como a concentración de partos para que haxa máis becerros no verán para o consumo.

■ **¿Que outras problemáticas ten que afrontar a IXP?**

Outro tema pendente dende a fundación da IXP é

conseguir a completa trazabilidade da carne. Fíxose un bo traballo no tema das explotacións, onde non existe a fraude. Mesmo no matadoiro conseguíuse garantir a trazabilidade. Nembargantes, esta garantía pérdese cando o produto abandona as cadeas de despece. Iso facilita que, hoxe por hoxe, se estea a vender moita carne por España adiante co selo de Ternera Gallega sen que o sexa. E aí elle imposible chegar á IXP, pois o noso produto vén dese a granel. Este, para min, é un dos puntos máis febles da Ternera Gallega.

■ **¿E que propón o SLG para solucionar isto?**

Dende o Sindicato Labrego téñense feito moitas propostas. Por exemplo, pedimos en moitas ocasións que toda carne que se venda fóra de Galiza, envasada en barquetas como as que atopan consumidores e consumidoras nos supermercados, fose envasada e etiquetada en Galiza. Así, a IXP podería ter un maior control.

## “Diz Guedes debe visitar as explotacións, pois dubido que coñeza o sector”

■ **¿En que outros temas ten incidido o SLG neste sector?**

Outro dos temas ao que o Sindicato Labrego fixo moito fincapé foi no da alimentación. Lembremos, por exemplo, a proposta de eliminar a monexina dos concentrados, un elemento que o SLG denunciou como promotor do crecemento e que debía estar prohibido polo Consello.

■ **Noutra orde de cousas, ¿pensa que está superada a crise das vacas tolas?**

Para nada estamos recuperados da crise. Os prezos non volveron aos tempos anteriores a esta. A maiores temos o grave problema de que a carne non se vende, e iso por algo é. A xente aínda ten certa psicose con respecto a esta desfeita que trouxo a Consellería. A parte dos prezos, temos o problema de que hai moito gando nas explotacións e de que temos problemas para vendelo, aínda que sexa a baixo prezo. Estamos vendendo a prezos de hai quince anos,

a 600 pesetas canal, e incluso menos.

■ **Sen embargo, hai estudos que din que os consumidores volven confiar.**

Os estudos dependen de quen os faga. Eu penso que o estudio real é o que hai nas explotacións. O que debería facer Diz Guedes é visitalas, pois dubido que sexa coñecedor do sector.

■ **As vacas tolas semellan unha consecuencia do modelo de gandería que tenta imponer a Xunta**

Este é un problema máis provocado polas políticas que se están a aplicar de produción intensiva con custes mínimos e aplicando métodos que, para nada, son positivos, tanto para a saúde humana como para o benestar animal. O grave deste asunto é que a IXP Ternera Gallega, co prestixio que ten e cos cartos que se levan gastados na súa promoción, se vexa arrastrada pola crise, xa que falamos dunha carne de calidade que ten que pasar un estricto control. Penso que a Ternera Gallega

quédalle moito por facer para explicar e facer saber cales son os seus métodos de produción.

■ **Daquela, ¿cre que a gandería extensiva en base á terra se debería imponer como sistema de produción fronte á intensiva?**

Para iso necesitaríanse moitas cousas. Evidentemente, sendo práctico, é a solución; pero cómpre analizar cales son as estruturas das explotacións. Por exemplo, as explotacións que teñen como base territorial montes comunais onde as políticas oficiais foron de reforestación total, evidentemente teñen cortado o futuro e o seu medre. Aínda máis agravado polo envellecemento dos beneficiarios dos montes comunais, que adoitan a frear as iniciativas que poida ter algunha xente nova. Polo tanto, o ideal sería promover programas de gandería extensiva, pero necesitan, en primeiro lugar, as terras.